



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE O ÍNDICE DE COMERCIO POLO MIÚDO

Novembro 2016

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2016

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Índice de comercio polo miúdo (ICM). Novembro 2016

- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos constantes aumentou un 4,8% en novembro de 2016 con respecto ao mesmo período do ano anterior, 0,8 puntos máis que en España (4,0%).
- Por produtos, a Alimentación rexistra un aumento nas vendas do 0,6% e o Resto de produtos do 7,9%.
- Todas as comunidades autónomas incrementan as súas vendas en novembro respecto ao mesmo mes do ano anterior. Galicia é a quinta comunidade con maior incremento da facturación.
- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes aumenta un 4,9% no mes de novembro de 2016 con respecto ao mesmo período do ano anterior, 0,9 puntos máis que en España (4,0%).
- O índice xeral de ocupación aumenta o 2,0% en Galicia, 0,3 puntos máis que no conxunto do Estado (1,7%). Galicia é a quinta comunidade con maior incremento.

Índices de comercio polo miúdo a prezos constantes. Novembro 2016

| Taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo e achegas dos seus compoñentes | Índice | Variacións (%) | |
|---|--------|----------------|-------------------|
| | | Interanual | No que vai de ano |
| Xeral | 90,9 | 4,8 | 3,9 |
| Xeral sen estacións de servizo | 89,1 | 5,0 | 3,6 |
| Alimentación | 86,1 | 0,6 | -0,9 |
| Resto | 90,3 | 7,9 | 6,6 |



1. Índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes

O índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes rexistra un incremento do 4,8% no mes de novembro, 4,2 puntos máis que no mes de outubro. A nivel nacional o índice rexistra un crecemento do 4,0%, superior en 3,4 puntos á taxa do mes anterior.


O índice xeral sen estacións de servizo aumenta o 5,0% respecto a novembro de 2015, 4,4 puntos máis que no mes anterior. Desagregando por produtos:

- A Alimentación aumenta as súas vendas o 0,6% e achega dúas décimas a taxa de variación do índice sen estacións de servizo. En España, as vendas na Alimentación aumentan o 3,2%.
- O Resto de produtos presenta unha taxa do 7,9% e achega 4,8 puntos á taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo. A nivel nacional aumenta o 5,0%.

Nos once primeiros meses do ano, as vendas do comercio minorista a prezos constantes incrementáronse un 3,9%, unha décima menos que en España (4,0%).

Se se eliminan os efectos estacionais e de calendario, o índice xeral presenta unha taxa de variación interanual do 2,1%.

O seguinte gráfico amosa a evolución da taxa de variación interanual do índice xeral do comercio minorista na serie orixinal e na serie corrixida de estacionalidade e calendario.




2. Índices por comunidades autónomas

Todas as comunidades autónomas aumentan as súas vendas en novembro. Os maiores incrementos danse en Comunitat Valenciana (6,0%), Illes Balears e Canarias (5,6%). Os menores crecementsos danse en Extremadura (2,2%), Cataluña (2,3%) e Navarra (2,5%).

Índice xeral do comercio minorista a prezos constantes. Novembro 2016

Taxas de variación en %



No que vai de ano, Illes Balears, Canarias e Comunitat Valenciana rexistran os maiores crecementos, mentres que Extremadura e Andalucía amosan os rexistros máis baixos.

3. Índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes

O Índice de comercio polo miúdo (ICM) a prezos correntes rexistra, no mes de novembro de 2016, un incremento do 4,9% en Galicia e do 4,0% a nivel nacional.

O índice xeral sen estacións de servizo aumenta un 5,2% en Galicia, un punto máis que en España (4,2%). Desagregando por produtos, en Galicia a Alimentación aumenta as vendas o 1,2% e en España o 3,6%. O Resto de produtos incrementa máis as súas vendas en Galicia (7,5%) que en España (4,6%).

Índices de comercio polo miúdo. Novembro 2016

| Taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo e achegas dos seus compoñentes | Índice | Variacións (%) | |
|---|--------|----------------|-------------------|
| | | Interanual | No que vai de ano |
| Xeral | 98,4 | 4,9 | 2,1 |
| Xeral sen estacións de servizo | 97,3 | 5,2 | 2,7 |
| Alimentación | 96,6 | 1,2 | 0,6 |
| Resto | 97,2 | 7,5 | 4,2 |

| Categoría | Interanual (%) | No que vai de ano (%) |
|--------------------------------|----------------|-----------------------|
| Xeral | 4,9 | 2,1 |
| Xeral sen estacións de servizo | 5,2 | 2,7 |

Nos once primeiros meses do ano, o índice de comercio polo miúdo incrementouse un 2,1% tanto en Galicia como en España.

Se se eliminan os efectos estacionais e de calendario, o índice xeral presenta unha taxa de variación interanual do 2,1%.

4. Índice de ocupación

O índice xeral de ocupación amosa un incremento interanual do 2,0% no mes de novembro de 2016 en Galicia, tres décimas máis que no conxunto de España (1,7%).

No que vai de ano, o índice xeral incrementouse un 1,2% en Galicia e un 1,7% en España.

5. Índices de ocupación por comunidades autónomas


A ocupación no comercio minorista aumenta en novembro en todas as comunidades autónomas.

Os maiores incrementos danse en Illes Balears (5,6%) e Canarias (3,7%). En senso contrario, Castilla-La Mancha (0,6%) rexistra o menor crecemento.

No que vai de ano, Illes Balears presenta o maior crecemento (4,4%), mentres que onde menos crece a ocupación é en Extremadura (0,7%) e Castilla – La Mancha (0,9%).

Índice xeral de ocupación. Novembro 2016

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Os índices de comercio polo miúdo son uns indicadores conxunturais que teñen por obxecto coñecer as características fundamentais das empresas dedicadas ao exercicio do comercio polo miúdo en España, e que permiten medir, a curto prazo, a evolución da actividade das empresas incluídas na sección G da CNAE-2009.

Os índices calcúlanse como un índice Laspeyres encadeado con ano base 2010 (encadeamento mensual no mes de decembro).

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes mostran a evolución das vendas do sector minorista unha vez eliminado o efecto que os prezos teñen sobre as ditas vendas.

Os deflatores que se utilizan nos distintos índices a nivel de comunidade autónoma son:

- Índice xeral de comercio minorista: IPC xeral sen servizos nin alquileres; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento
- Índice xeral sen estacións de servizo: IPC xeral sen servizos nin alquileres; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento; nin carburantes e lubricantes.
- Índice Alimentación: IPC alimentos, bebidas e tabaco.

- Índice Resto: IPC xeral sen alimentos, bebidas e tabaco; nin servizos nin alquileres; nin carburantes e lubricantes; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento.

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes obtéñense como cociente entre os índices de comercio polo miúdo a prezos correntes e o IPC¹.

$${}_{10}I_{defl}^{m,t} = ({}_{10}I^{m,t} / {}_{10}IP^{m,t}) * 100$$

Onde

${}_{10}I_{defl}^{m,t}$ é o índice de comercio polo miúdo a prezos constantes do mes m do ano t

${}_{10}I^{m,t}$ é o índice de comercio polo miúdo a prezos correntes do mes m do ano t e

${}_{10}IP^{m,t}$ é o índice de prezos do mes m do ano t en base 2010

¹ Os índices de comercio polo miúdo están en base 2010, e o IPC en base 2011, polo que se calcula un índice de prezos en base 2010

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de comercio polo miúdo. Novembro 2016

| | ÍNDICE | VARIACIÓNS (%) | | ÍNDICE DEFLACTADO | VARIACIÓNS (%) | |
|--------------------------------|--------|----------------|----------------------|----------------------|----------------|----------------------|
| | | INTERANUAL | NO QUE VAI DE ANO | | INTERANUAL | NO QUE VAI DE ANO |
| Galicia | | | | | | |
| Xeral | 98,4 | 4,9 | 2,1 | 90,9 | 4,8 | 3,9 |
| Xeral sen estacións de servizo | 97,3 | 5,2 | 2,7 | 89,1 | 5,0 | 3,6 |
| Alimentación | 96,6 | 1,2 | 0,6 | 86,1 | 0,6 | -0,9 |
| Resto | 97,2 | 7,5 | 4,2 | 90,3 | 7,9 | 6,6 |
| España | | | | | | |
| Xeral | 95,8 | 4,0 | 2,1 | 88,7 | 4,0 | 4,0 |
| Xeral sen estacións de servizo | 96,5 | 4,2 | 3,0 | 88,6 | 4,2 | 3,9 |
| Alimentación | 102,3 | 3,6 | 2,6 | 91,4 | 3,2 | 1,2 |
| Resto | 92,5 | 4,6 | 3,2 | 86,2 | 5,0 | 5,6 |

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 2. Índices de comercio polo miúdo corrixidos de estacionalidade e calendario. Novembro 2016

| | ÍNDICE | VARIACIÓNS (%) | | ÍNDICE DEFLACTADO | VARIACIÓNS (%) | |
|--------------------------------|--------|----------------|----------------------|----------------------|----------------|----------------------|
| | | INTERANUAL | NO QUE VAI DE ANO | | INTERANUAL | NO QUE VAI DE ANO |
| Galicia | | | | | | |
| Xeral | 99,1 | 2,1 | 2,1 | 94,2 | 2,1 | 3,9 |
| Xeral sen estacións de servizo | 98,3 | 2,7 | 2,7 | 92,8 | 2,5 | 3,4 |
| Alimentación | 101,5 | -1,0 | 0,4 | 90,4 | -1,7 | -1,1 |
| Resto | 96,2 | 5,1 | 4,3 | 92,7 | 4,9 | 6,6 |
| España | | | | | | |
| Xeral | 97,3 | 2,9 | 1,8 | 92,0 | 3,3 | 3,7 |
| Xeral sen estacións de servizo | 98,1 | 3,3 | 2,7 | 92,0 | 3,4 | 3,7 |
| Alimentación | 105,9 | 2,9 | 2,3 | 94,5 | 2,6 | 0,9 |
| Resto | 92,6 | 3,5 | 3,0 | 89,6 | 4,2 | 5,4 |

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 3. Índice xeral do comercio polo miúdo por comunidades autónomas. Novembro 2016

| | ÍNDICE | VARIACIÓNS (%) | | ÍNDICE DEFLACTADO | VARIACIÓNS (%) | |
|----------------------|-------------|----------------|-------------------|-------------------|----------------|-------------------|
| | | INTERANUAL | NO QUE VAI DE ANO | | INTERANUAL | NO QUE VAI DE ANO |
| ESPAÑA | 95,8 | 4,0 | 2,1 | 88,7 | 4,0 | 4,0 |
| Andalucía | 92,0 | 3,7 | 0,7 | 85,3 | 3,7 | 2,6 |
| Aragón | 90,9 | 3,8 | 1,5 | 84,2 | 3,6 | 3,2 |
| Asturias | 86,6 | 3,6 | 2,4 | 80,0 | 3,5 | 4,2 |
| Balears, Illes | 105,4 | 5,5 | 5,4 | 97,3 | 5,6 | 7,5 |
| Canarias | 110,2 | 5,6 | 4,3 | 106,1 | 5,6 | 6,4 |
| Cantabria | 93,7 | 5,2 | 1,7 | 85,6 | 4,9 | 3,4 |
| Castilla y León | 92,6 | 4,0 | 1,3 | 85,4 | 4,1 | 3,6 |
| Castilla-La Mancha | 89,9 | 4,8 | 1,0 | 83,5 | 4,7 | 3,2 |
| Cataluña | 96,9 | 2,8 | 1,5 | 88,3 | 2,3 | 3,0 |
| Comunitat Valenciana | 96,7 | 5,6 | 3,7 | 90,0 | 6,0 | 6,2 |
| Extremadura | 95,5 | 2,1 | 0,2 | 89,1 | 2,2 | 2,1 |
| GALICIA | 98,4 | 4,9 | 2,1 | 90,9 | 4,8 | 3,9 |
| Madrid | 97,2 | 3,8 | 2,8 | 91,2 | 4,0 | 4,9 |
| Murcia, Región de | 88,7 | 2,7 | 2,2 | 81,8 | 2,7 | 4,0 |
| Navarra | 96,5 | 2,9 | 2,1 | 89,7 | 2,5 | 3,7 |
| País Vasco | 94,7 | 4,9 | 1,5 | 87,1 | 4,7 | 3,0 |
| Rioja, La | 95,7 | 3,9 | 2,1 | 87,5 | 4,2 | 4,3 |
| Ceuta | 99,1 | 4,6 | 2,6 | 94,3 | 4,5 | 3,7 |
| Melilla | 98,1 | 2,6 | 2,8 | 94,5 | 2,6 | 4,4 |

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de ocupación. Novembro 2016

| | ÍNDICE | VARIACIÓNS (%) | |
|--------------------------------|--------|----------------|-------------------|
| | | INTERANUAL | NO QUE VAI DE ANO |
| Galicia | | | |
| Xeral | 99,1 | 2,0 | 1,2 |
| Xeral sen estacións de servizo | 99,0 | 1,9 | 1,1 |
| España | | | |
| Xeral | 99,2 | 1,7 | 1,7 |
| Xeral sen estacións de servizo | 99,3 | 1,8 | 1,7 |

Fonte: INE

Cadro 5. Índice xeral de ocupación por comunidades autónomas. Novembro 2016

| | ÍNDICE | VARIACIONES (%) | |
|----------------------|-------------|-----------------|-------------------|
| | | INTERANUAL | NO QUE VAI DE ANO |
| ESPAÑA | 99,2 | 1,7 | 1,7 |
| Andalucía | 94,6 | 1,6 | 1,1 |
| Aragón | 98,0 | 2,1 | 1,8 |
| Asturias | 93,7 | 1,4 | 1,0 |
| Balears, Illes | 107,1 | 5,6 | 4,4 |
| Canarias | 107,3 | 3,7 | 2,0 |
| Cantabria | 101,7 | 1,7 | 1,9 |
| Castilla y León | 99,3 | 1,4 | 1,2 |
| Castilla-La Mancha | 99,6 | 0,6 | 0,9 |
| Cataluña | 101,9 | 1,3 | 1,8 |
| Comunitat Valenciana | 101,7 | 2,0 | 2,8 |
| Extremadura | 100,6 | 1,1 | 0,7 |
| GALICIA | 99,1 | 2,0 | 1,2 |
| Madrid | 96,2 | 1,4 | 1,5 |
| Murcia | 95,1 | 1,4 | 1,0 |
| Navarra | 97,8 | 1,8 | 1,5 |
| País Vasco | 100,4 | 1,6 | 2,0 |
| Rioja, La | 101,3 | 1,5 | 1,4 |
| Ceuta | 102,0 | 0,7 | 1,0 |
| Melilla | 103,7 | 0,2 | 1,1 |

Fonte: INE